



ASUNTO: INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO PICO SECO SITUADO NOS TERMOS MUNICIPAIS DE LALÍN (PONTEVEDRA) E O IRIXO (OURENSE)

Clave: PE Pico Seco (IN661A DXIEM-04/11)

Con data do 1 de decembro de 2021, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remite escrito á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, solicitando a emisión de informe sobre o estudo de impacto ambiental por parte desta DXEI, do *Parque Eólico Pico Seco e a súa liña de evacuación*, expediente **IN661A DXIEM-04/11**, promovido pola sociedade Aerogeneración Galicia, S.L. de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental,

Revisada a documentación en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, o risco de que os ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, no caso de que ocorran, se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que si poidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan de autoprotección, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

Nuria Padín Quintanal
Xefa do servizo de Prevención e
Análise de Riscos
Asinado electrónicamente

Vº Bº
Jose Antonio Grandas Arias
Subdirector Xeral de Planificación
e Protección Civil
Asinado electrónicamente

María Raquel Carballido Reboredo

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética
Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Edif. Administrativo San Caetano s/n.
Bloque 5-4ª Planta
15781 Santiago de Compostela

